

CURSO 2020-2021 CONVOCATORIA XERAL ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO

0. NORMATIVA XERAL DE APLICACIÓN

A presente convocatoria realízase ao abeiro da Normativa do **Plan de Estudos 2015** (PEEMAO2015), aprobada pola Xunta Reitora do Organismo Autónomo na súa sesión de 16/04/2015, que debe consultarse en [https://hoxe.vigo.org/movemonos/emao_plan.php/] e posteriores modificacións aprobadas na sesión da Xunta Reitora de data 10/12/2015 e na sesión da Xunta de Goberno Local de data 29/04/2016.

As normas alí contidas son de directa aplicación á presente convocatoria, agás o que se refire a modificacións derivadas da afectación á escolaridade da crise COVID-19.

COVID-19. Situación de excepcionalidade

Diferentes disposicións legais en relación á situación sociosanitaria da pandemia, que podan ter vixencia a 14 de setembro de 2020 (data de inicio previsto do curso), poderían modificar as características desta convocatoria (datas, número de prazas ofertadas, admisión de novo alumnado, modalidades presencial e online, ...)

A. PREINSCRICIÓN E MATRÍCULA

1. ALUMNADO PROCEDENTE DO CURSO 2019-20 (REPETICIÓN DE CURSO)

- 1.1. **Repetición de curso:** sen prexuízo do disposto no apartado 1.2, con carácter xeral o alumnado con matrícula viva no curso 2019-20 repetirá o mesmo nivel no que estaba matriculado. No caso de confirmar a matrícula como se indica no punto 1.2, quedará matriculado no curso 2020-21 no mesmo nivel que estaba.
- 1.2. **Confirmación da matrícula:** soamente poderán repetir curso aqueles/as alumnos/as que confirmen expresamente a súa matrícula do xeito e nos prazos que se indican na presente convocatoria (apartado 1.4)
- 1.3. As circunstancias derivadas das medidas de prevención que poñan en marcha as autoridades sanitarias no relativo ao número de alumnos ou espazos e distancias de seguridade poderán implicar nalgunha/s especialidades, entre outras posibles adaptacións, a redución do número total de horas de formación previstas neste curso 2020-21
- 1.4. **Confirmación de matrícula:**
 - 1.4.1. **Obriga de facelo:** todo o alumnado matriculado en calquera especialidade e nivel no curso 2019-20 que queira estar matriculado no curso 2020-21 (repetindo curso) deberá solicitalo expresamente. O incumprimento deste trámite nos prazos establecidos significará a baixa automática como alumno/a.
 - 1.4.2. **A solicitude** de confirmación de matrícula deberase facer soamente **por internet (online):** na web-EMAO cubrindo o formulario "Confirmación de matrícula" en <http://hoxe.vigo.org/movemonos/emao21.php>
 - 1.4.3. **Excedencias:** aqueles/as alumnos/as que teñan concedido excedencia (sempre que estea dentro do período de vixencia desta) que queiran incorporarse ao nivel que lles corresponda no curso 2020-21 deberán obrigatoriamente realizar tamén a confirmación de matrícula **enviando un correo electrónico** ao enderezo emao@vigo.org indicando no "Asunto": "Confirmación matrícula-Excedencia" e no corpo da mensaxe:
 - Nome do/a solicitante

ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS

- Especialidade e nivel que cursaba cando solicitou a excedencia

1.4.4. O prazo para a confirmación da matrícula tanto do alumnado matriculado como o de incorporación de excedencia, será dende a publicación da presente convocatoria ata o día 2 de xullo de 2020.

1.4.5. Os listados de alumnado confirmado, coa súa asignación ao nivel que lle corresponde no curso 2020-2021, serán publicados no taboleiro de anuncios da Escola. A aparición neste listado significará a súa matrícula automática no novo curso.

2. ALUMNADO DE NOVO INGRESO: CURSOS DE INICIACIÓN/BÁSICO/EXTRAORDINARIO (MAÑÁ/TARDE)

2.1. Preinscrición

1. Como consecuencia das especiais circunstancias producidas no curso 2019-20 debido á crise do COVID-19 e ao indicado no apartado 1 desta convocatoria, as prazas ofertadas para novo ingreso serán soamente aquelas que queden vacantes unha vez confirmada a matrícula por parte do alumnado procedente do curso 2019-20.
2. O número final de vacantes poderá estar condicionado así mesmo pola necesidade sobrevida de diminuír o número de alumnos/aula como consecuencia da obriga de respectar, se é o caso, a distancia social e aforo máximo indicado polas autoridades sanitarias. O listado final de vacantes será publicado, nos prazos indicados na presente convocatoria, no taboleiro de anuncios da EMAO e web municipal.
3. A preinscrición só poderá facerse:
 - **Por internet:** na web-EMAO cubrindo o formulario en <http://hoxe.vigo.org/movemonos/emao21.php>
 - Debido ás especiais condicións provocadas pola crise COVID-19 non se poderá facer a preinscrición presencial na oficina da EMAO. Se precisa información ou axuda, pode pedir cita previa, nos horarios de atención ao público que se indican no apartado D da presente convocatoria.
4. O listado de persoas pre-inscritas exporase no taboleiro oficial de anuncios da EMAO e na web-EMAO.
5. No caso de que existan máis solicitudes cá prazas ofertadas realizaranse probas de acceso para asignar estas.
6. Unha vez finalizado o prazo de pre-inscrición e realizadas as probas de acceso, exporase no Taboleiro e na web-EMAO a relación definitiva de admitidos, clasificados por especialidades e cursos.
7. No caso de existiren máis solicitudes cá vacantes, terán preferencia, entre os que cumpran as condicións, aquelas persoas empadroadas en Vigo.
8. Conforme á normativa vixente, non poderán matricularse na EMAO aquelas persoas que xa teñan xa cursado en anos anteriores un máximo de tres especialidades.

2.2. Matrícula

1. As persoas finalmente seleccionadas deberán obrigatoriamente para seren admitidas, formalizar a súa matrícula, mediante a presentación na Oficina administrativa do impreso oficial que se poderá recoller na mesma. Con este impreso deberán aportar copia do DNI ou Pasaporte.
2. A non formalización da matrícula en prazo, significará a inmediata baixa, e, consecuentemente, a praza será ofrecida ao/á/s solicitante/s que corresponda na lista de reserva derivada da aplicación dos resultados das probas de acceso.

3. ALUMNADO DE NOVO INGRESO: ACCESO A NIVEIS SUPERIORES POR CONVALIDACIÓN

3.1. Normativa de aplicación:

No apartado 3.3.2.2. da Normativa do Plan de Estudos da Escola (PEEMAO15) indícase que poderá facerse:

"Convalidación de nivel extraordinaria: de xeito excepcional poderán os alumnos (tanto de novo ingreso como matriculados) solicitar a convalidación dun nivel completo dunha especialidade.

Para poder optar a esta posibilidade deberá o interesado presentar unha solicitude motivada na que amose que posúe os coñecementos, aptitude e experiencia abonda para saltar un nivel. A solicitude será resolta pola dirección do Centro previo informe do mestre da especialidade e da xefatura de estudos.

Se é o caso, poderá esixirse unha proba práctica previa. Esta posibilidade está condicionada

á existencia de vacantes no curso que se solicite. En cada convocatoria anual estableceranse, se é o caso, as normas específicas para esta solicitude de convalidación".

En relación con esta norma e no caso de existencia de prazas vacantes nos niveis Medio, Superior e Avanzado e Perfeccionamento I e II nas distintas especialidades, realizarase unha convocatoria extraordinaria para alumnado de novo ingreso, de xeito que persoas que acrediten competencia abonda poidan acceder a estes cursos sen ter que cursar os precedentes previstos no Plan de Estudos (PEEMAO15)".

3.2. Vacantes ofertadas:

Como consecuencia das especiais circunstancias producidas no curso 2019-20 debido á crise do COVID-19 e ao indicado no apartado 1 desta convocatoria, as prazas ofertadas para novo ingreso serán soamente aquelas que queden vacantes unha vez confirmada a matrícula por parte do alumnado procedente do curso 2019-20.

O listado de vacantes ofertadas publicarase, nos prazos indicados na presente convocatoria, no taboleiro de anuncios da EMAO e web municipal.

3.3. Requisitos dos/as solicitantes

- As persoas solicitantes deberán acreditar, polos medios que se recollen nesta convocatoria, ter a competencia abonda para poder convalidar os coñecementos e aptitudes propios dos niveis Básico e/ou Medio da especialidade dada na EMAO.
- Esta acreditación poderá facerse cumprindo un ou varios dos seguintes requisitos:
 - Estudos previos acreditados da especialidade ou disciplinas afíns convalidables en calquera centro
 - Ter aprobado o curso básico da especialidade no seu día na EMAO sen rematar o restos dos niveis
 - Ter experiencia demostrable no sector correspondente á especialidade
- Non poderán acceder persoas matriculadas no curso 2020-21 na EMAO
- No caso de existiren máis solicitudes cá vacantes, terán preferencia, entre os que cumpran as condicións, aquelas persoas empadroadas en Vigo.
- Para o acceso ao Nivel Avanzado, os/as solicitantes deberán aportar un anteproxecto do traballo que propoñen realizar en réxime de titoría (ver convocatoria nivel Avanzado curso 2019-20 na web municipal en https://hoxe.vigo.org/pdf/ema0/2019_20_curso_avanzado.pdf)

3.4. Acreditación de cumprimento dos requisitos:

- En tódolos casos deberá presentarse un currículum vitae da persoa solicitante, salientando aqueles aspectos que teñan relación coa especialidade.
- Perfil profesional comprobable en redes sociais, se é o caso, indicando os enderezos de referencia en internet

ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS

- Os estudos previos con certificación do centro no que os cursaron, con indicación dos contidos do programa e horas totais.
- A experiencia acreditarase con informe do centro de traballo, taller artesano ou estudio na que a exerceran, con indicación do tipo de tarefas realizadas e tempo total.
- A EMAO poderá realizar, para a admisión definitiva, unha entrevista e/ou proba práctica aos/ás solicitantes.
- Anteproxecto do traballo proposto cando se queira acceder ao Nivel Avanzado.

3.5 Solicitudes

Exclusivamente por correo electrónico, dirixido a emao@vigo.org, cos seguintes apartados obrigatorios:

- Asunto: Convocatoria acceso novo ingreso por convalidación nivel ____ da especialidade de _____
- Corpo da mensaxe:
 - Nome e apelidos e DNI do/a solicitante
 - "Solicita ser admitido/a no nivel de (indicar: Medio, Superior, Perfeccionamento I/mañás, Perfeccionamento II/mañás, na especialidade de _____"
 - Correo-e no que recibir as notificacións
- Incluirase, en arquivo adxunto ao correo, o currículum vitae (no que se indicará, se é o caso, as referencias do perfil en internet), copia escaneada dos méritos alegados e, se é o caso, anteproxecto para os/as aspirantes a cursar o nivel Avanzado.

3.6. Listas de admitidos/as e alta na matrícula

- O listado das persoas finalmente seleccionadas, con indicación da especialidade e nivel correspondente, publicaranse no taboleiro de anuncios da EMAO e no apartado correspondente á EMAO/Curso 2020-21 da web municipal.
- As persoas seleccionadas deberán formalizar a súa matrícula definitiva na Unidade Administrativa da EMAO nos prazos indicados.

C. PRAZOS

Ata o 2 de xullo: confirmación de matrícula (repetición de curso) das persoas matriculadas no curso 2019-20

7 de xullo: Publicación do listado de alumnado procedente do curso 2019-20 con confirmación de matrícula para repetir no curso 2020-21

8 de xullo: Listado de vacantes existentes por especialidades e niveis

do 9 de xullo ao 4 de setembro: admisión de solicitudes de pre-inscrición para alumnado de novo ingreso e do de convalidación para acceso a cursos superiores. Só recepción por internet e correo electrónico.

8 de setembro:

- Publicación listados solicitantes novo ingreso e

9-11 setembro: Celebración das probas de acceso, no/s día/s concretos que publicamente se indiquen nos primeiros día de setembro.

14 de setembro: inicio do curso todas as especialidades

14 de setembro:

- Listas de admitidos de novo ingreso e convalidación, despois das probas de acceso.

15-18 de setembro: Matrícula alumnado de novo ingreso e de convalidación,

A matriculación na EMAO implica a aceptación plena dos programas, horarios e Normativa que rexen a actividade da Escola.

D. HORARIOS DE ADMINISTRACIÓN E INFORMACIÓN

ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS

Lugar: Edificio principal da EMAO, rúa García Barbón, 5.

Horario: de 10 h. a 14 h., laborables de luns a venres (agosto, pechado).

Información:

- ✓ Blog emaoenliña: <https://emaonlinecovid.blogspot.com/>
- ✓ Blog Biblioteca da EMAO: <https://bibliotecadaemao.blogspot.com/>
- ✓ Web-EMAO: <http://hoxe.vigo.org/movemonos/educacion7>.
- ✓ Correo electrónico: emao@vigo.org
- ✓ Tfno.: 986228088.

E. REQUISITOS DAS SOLICITUDES E SOLICITANTES

1. Só se poderá presentar un impreso de solicitude por persoa.
2. Poderá solicitarse a preinscrición, como máximo, en dúas especialidades das ofertadas.
 - Esta posibilidade figurará no apartado correspondente do impreso único de preinscrición, sen que supoña orde de preferencia.
 - De resultar seleccionado/a en máis de unha especialidade, ben como resultado das probas, ben como consecuencia da existencia dun maior número de prazas que de solicitantes, só poderá matricularse nunha delas.
 - A matrícula nunha especialidade supón a eliminación automática nas listas de agarda das outras especialidades solicitadas.
3. O alumnado procedente do curso 2019-20 que confirmara a súa matrícula para a repetición de curso non pode facer solicitude de preinscrición noutra nova especialidade.
4. Serán nulas aquelas solicitudes de preinscrición que non cumpran o sinalado nos apartados 1, 2 e 3 precedentes ou que incumpran o apartado 3 da Normativa do Plan de Estudos (PEEMAO2015) [http://hoxe.vigo.org/pdf/educacion/emao/emao_plan_estudos_arq3.pdf]; en consecuencia, non poderán ser, en ningún caso, seleccionadas.
5. En caso de non existir prazas abondo para o número de solicitantes, terán preferencia absoluta aqueles empadroados no Concello de Vigo.
6. A formalización da matrícula implica a plena aceptación polo alumno/a do contido na presente convocatoria así como do Plan de Estudos 2015 (PEEMAO2015), aprobado pola Xunta Reitora do Organismo Autónomo EMAO de 16/04/2015), e as modificacións correspondentes aprobadas pola Xunta Reitora e a Xunta de Goberno Local e demais normas de funcionamento vixentes.
7. No non disposto nesta convocatoria, estarase ao que dispoña o PEEMAO2015 e á legalidade vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas, así como ás normas que emita a dirección do Centro e que se farán públicas en cada momento no Taboleiro e web-EMAO.

F. CALENDARIO ESCOLAR

Comezo curso: 14 de setembro de 2020.

Remate: 30 de xuño 2021

Días non lectivos: no que non sexa contradictorio coas datas de inicio e fin de curso da EMAO sinaladas, aqueles recollidos no calendario Escolar oficial da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, agás os correspondentes ás vacacións do Entroido, que serán lectivos na EMAO. Ao comezo do curso informarase dos dous días discrecionais a maiores que, se é o caso, serán non lectivos por festa local.

G) HORARIOS ALUMNADO:

Véxase ANEXO I desta convocatoria.

INFORMACIÓN E ADMINISTRACIÓN



ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS

Unidade Administrativa da EMAO.
EMAO. Avda García Barbón, 5 – 36201 VIGO.
de luns a venres de 10:00 a 14:00 horas (agosto pechado)
Teléfono: 986228088.
Correo-e: emao@vigo.org/
Internet: www.emmavigo.org e <http://hoxe.vigo.org/movemonos/educacion7.php>

Á vista do texto da Convocatoria que antecede, **PROPONSE** á Concelleira-Delegada de Educación, acordar o seguinte:

Aprobar a convocatoria do curso 2020-2021 na Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo.

RO/

O TÉCNICO RESPONSABLE DE EDUCACIÓN DE ADULTOS
Asdo. Rafael Ojea Pérez

Vigo, na data rexistrada na sinatura dixital

A XEFA DO SERVIZO DE EDUCACIÓN
Asdo.- M^a José Loureiro Bada

DECRETO

Visto o informe-proposta que antecede

RESOLVO

Aprobar a convocatoria do curso 2020-2021 na Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo.

Vigo, na data rexistrada na sinatura dixital
O CONCELLEIRO DELEGADO DE EDUCACIÓN E XUVENTUDE
Asdo.- Gorka Gómez

ANEXO I . CONVOCATORIA XERAL DO CURSO 2020-21 HORARIOS

PINTURA*

Especialidade: 175 horas/curso; tres anos, currículo normal 525h, Currículo extendido (con Avanzado: 70 horas/curso): 595 h..

Materias complementarias: Historia da Arte (para Medio, 30 horas), Debuxo técnico (para Básico, 30 horas).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h) e non teñen complementarias.

Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-12,00		Iniciación		Iniciación	
12,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-21,00	Superior A	Medio	Básico	Superior B	16,00-20,00 Titoría/Avanzado

A complementaria de **Debuxo** para o nivel Básico terá lugar na primeira hora e media de clase durante o primeiro trimestre.

A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.

(*) Debido ás limitacións derivadas das medidas hixiénicas relacionadas coa prevención do COVID-19, a distribución horaria desta especialidade modifícase, pasando a ter unha carga horaria de **un só día á semana** cunha duración de 5 horas.

DEBUXO ARTÍSTICO*

Especialidade: 175 horas/curso; tres anos, currículo normal 525h, Currículo extendido (con Avanzado: 70 horas/curso): 595 h..

Materias complementarias: Historia da Arte (para Medio, 30 horas), Debuxo técnico (para Básico, 30 horas).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h), e non teñen complementarias.

Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-12,00		Iniciación		Iniciación	
12,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-21,00	Básico	Medio	Superior A	Superior B	16,00-20,00 Titoría/ Avanzado

A complementaria de **Debuxo** para o nivel Básico terá lugar na primeira hora e media de clase durante o primeiro trimestre.

A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.

(*) Debido ás limitacións derivadas das medidas hixiénicas relacionadas coa prevención do COVID-19, a distribución horaria desta especialidade modifícase, pasando a ter unha carga horaria de **un só día á semana** cunha duración de 5 horas.

TALLA E ESCULTURA EN MADEIRA

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h, currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 770h



ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS

Materias complementarias: Historia da Arte (para Superior, 30 horas), Debuxo técnico (para Básico, 30 horas). Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h). Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-12,00		Iniciación		Iniciación	
12,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-21,00	Básico	Superior	Básico	Superior	16,00-20,00 Titoría/Avanzado

Durante o **primeiro trimestre**, o alumnado de nivel Básico terá, na primeira hora e media de cada sesión lectiva, clases de **Debuxo técnico**, que impartirá a mestre titular da especialidade. A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.

OURIVARÍA

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h, currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 770h. Materias complementarias: Historia (para Superior, 30 horas), Debuxo técnico (para Básico, 30 horas). Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h), e non teñen complementaria. Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-12,00		Iniciación		Iniciación	
12,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-21,00	Superior	Básico	Superior	Básico	16,00-20,00 Titoría/Avanzado

Durante o **primeiro trimestre**, o alumnado de nivel Básico terá, na primeira hora e media de cada sesión lectiva, clases de **Debuxo técnico**, que impartirá a mestre titular da especialidade. A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.

ARTESANÍA EN COIRO

Nº alumnos máximo especialidade: 64. Os cursos 700h, currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 770h. Materias complementarias: Historia (para Superior, 30 horas), Debuxo técnico (para Básico, 30 horas). Curso extraordinario: un ano, 350 horas lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h), e non teñen complementaria. Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-12,00					Iniciación
12,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-21,00	Superior	Básico	Superior	Básico	16,00-20,00 Titoría/



ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS

					Avanzado
--	--	--	--	--	----------

O horario da complementaria de **Debuxo técnico** será na primeira hora e media de clase do primeiro trimestre
A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.

DESEÑO E ENCAIXE DE PALILLOS

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h, currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 770h
Materias complementarias: Historia (para Superior, 30 horas), Debuxo técnico (para Básico, 30 horas).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h), e non teñen complementaria.
Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-12,00		Perfeccionamento II		Perfeccionamento II	
12,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-21,00	Superior	Básico	Superior	Básico	16,00-20,00 Titoría/Curso extraordinario

O horario da complementaria de **Debuxo técnico** será na primeira hora e media de clase do primeiro trimestre
A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.

MODA E CONFECCIÓN

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h, currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 770h
Materias complementarias: Historia (para Superior, 30 horas), Debuxo técnico (para Básico, 30 horas).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h), e non teñen complementaria.
Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-12,00		Iniciación		Iniciación	
12,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-21,00	Básico	Extraordinario A	Básico	Extraordinario B	16,00-20,00 Titoría/ Avanzado

O horario da complementaria de **Debuxo técnico** será na primeira hora e media de clase do primeiro trimestre
A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.

CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS (CAIM): ZANFONA

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h (máis 35h de complementarias, total horas currículo normal: 735; currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso): 805h).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h), e non teñen complementarias.
Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Complementarias Básico: Debuxo técnico (30h), Historia da música galega (30h, incluídas no horario do obradoiro). **Complementarias Superior:** Técnica instrumental (35h)



ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a) 12,00-14,00			Perfeccionamento I / Iniciación
16,00-21,00	Básico	Superior	Básico	Superior	16,00-20,00 Avanzado / Titoría Técnica instrumental

No caso de coincidiren unha clase complementaria con horario de obradoiro, o alumno deberá asistir á clase complementaria.

O horario das clases de Debuxo técnico para CAIM Básico será na primeira hora e media de clase do primeiro trimestre

O nivel Superior terá tamén os venres, de 16:00 a 17:00 Técnica Instrumental.

A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.

CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS (CAIM): GAITA

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h (máis 35h de complementarias, total horas currículo normal: 735; currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso): 805h).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h), e non teñen complementarias. Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Complementarias Básico: Debuxo técnico (30h), Historia da música galega (35h, incluídas no horario do obradoiro). **Complementaria Superior:** Técnica instrumental (35h)

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a) 12,00-14,00			Perfeccionamento I
16,00-21,00	Básico	Superior	Básico	Superior	16,00-20,00 Avanzado / Titoría Técnica instrumental

No caso de coincidiren unha clase complementaria con horario de obradoiro, o alumno deberá asistir á clase complementaria.

O horario das clases de Debuxo técnico para CAIM Básico será na primeira hora e media de clase do primeiro trimestre

O nivel Superior terá tamén os venres, de 16:00h. a 17:00 h. Técnica Instrumental.

A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.

CERÁMICA ARTÍSTICA

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h, máis 90 de complementarias, total currículo normal: 790h; currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 860h

Materias complementarias:

Básico: Historia da Cerámica (30h, incluídas no horario do obradoiro), Debuxo técnico (30h).

Superior: Baleirado (30h), Serigrafía Cerámica (30h).

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a)			
16,00-21,00	Básico	Superior	Básico	Superior	16,00-20,00 Titoría/Avanzado 18,00-21,00



ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS

					Baleirado** Serigrafía Cerámica***
--	--	--	--	--	---------------------------------------

(*) O horario de **Debuxo técnico** para o nivel Básico indicárase ao comezo do curso

(**) Durante o **primeiro trimestre**, os venres, de 18,00 a 21 impartirase a complementaria de **Baleirado** para o alumnado do nivel Superior.

(***) Durante o **segundo trimestre**, os venres, de 18,00 a 21 impartirase a complementaria de **Serigrafía Cerámica** para o alumnado do nivel Superior.

A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.

ENCADERNACIÓN ARTÍSTICA

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h, currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 770h

Materias complementarias:

Básico: Historia da Encadernación (30h, incluídas no horario do obradoiro), Debuxo técnico (30h).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h). Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a) 12,00-14,00			Perfeccionamento II / Iniciación
16,00-21,00	Superior	Básico	Superior	Básico	16,00-20,00 Titoría/Avanzado

O horario de **Debuxo técnico** para o nivel Básico será na primeira hora e media de clase do primeiro trimestre

A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.

SERIGRAFÍA ARTÍSTICA

Especialidade: 350 horas/curso, dous cursos 700h, currículo extendido (con Avanzado, 70h/curso), total: 770h

Materias complementarias:

Básico: Historia da Serigrafía (30h, incluídas no horario do obradoiro), Debuxo técnico (30h).

Os cursos da mañá teñen unha carga lectiva de 144 horas/ano (tres anos, 432h). Poden acceder, ao finalizar, a Avanzado.

Horas \ Días	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
10,00-14,00		Dep/Biblio (profesor/a) 12,00-14,00			Perfeccionamento II
16,00-21,00	Superior	Básico	Superior	Básico	16,00-20,00 Titoría/Avanzado

Durante o **primeiro trimestre**, o alumnado do nivel **Básico** terá, nas dúas primeiras horas de cada sesión lectiva, clases de **Debuxo**, que impartirá o mestre titular da especialidade.

A complementaria de Historia, será impartida en ensino non presencial mediante medios dixitais.